

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaíor	Soutomaíor	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria ten dúas vertentes: fomentar a eficacia comunicativa e favorecer o uso ético da linguaxe. Deste xeito, a lingua estará ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Xa que logo, este segundo curso seguirá avanzando no desenvolvemento das competencias xa presentadas no primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura establece, ademais dos obxectivos xerais da etapa, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar en cada nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques, que para segundo son:

1º. «As linguas e os seus falantes», que incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo; en especial do ámbito lusófono.

2º. «Comunicación», que integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática.

3º. «Educación literaria», que recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios.

4º. «Reflexión sobre a lingua», que propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica para 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en tres unidades didácticas, unha por trimestre, cuxo título será un refrán relacionado coas distintas épocas do ano. Isto favorecerá, por un lado, o coñecemento e a conservación do léxico tradicional e da cultura popular galega (tamén permite a aproximación á lusofonía e a interrelación entre as xeracións máis novas e máis vellas); e, por outro, a introdución de cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Ademais dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre salientar a incorporación de nocións básicas de linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso, dalgunhas linguas de procedencia do alumnado.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, a partir do 1º trimestre o alumnado construírá colaborativamente un glosario multimodal sobre a fraseoloxía de Soutomaior, que irá completando ao longo de todo o curso e que servirá de promoción na rede da idiosincrasia da zona. Ademais, servirá de punto de conexión co ámbito cultural da lusofonía. No segundo trimestre, combinarase a busca de refráns coa investigación sobre os Entroidos galegos e o seu parentesco co carnaval doutros territorios do Estado Español e Portugal confeccionando presentacións en grupo que poderán ser gravadas para colgar no sitio web do centro. Por último, no terceiro trimestre, combinarase a busca fraseolóxica coa elaboración de podcast (que serán gravados na radio do centro) relacionados coa autora homenaxeada nas Letras Galegas e co libro de lectura Mamá, quero ser Ziggy Stardust. A elaboración e a redacción destes textos orais e escritos servirá para afondar no coñecemento das propiedades textuais (mecanismos de cohesión...), da corrección lingüística e lexical.

Na elaboración desta programación didáctica para Lingua galega e literatura de 2º ESO tivéronse en conta, ademais da normativa vixente para o presente curso, as directrices normativas dos seguintes documentos legais:

-Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

-Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

-Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O contexto do centro tamén foi tido en conta na elaboración deste documento: o IES de Soutomaior está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaior. Arcade constitúe o núcleo urbano do municipio e ocupa a fronte costeira da vila. Aquí atopamos os principais servizos económicos (áreas comerciais e pesqueiras), sociais, culturais e de ocio (agrupacións musicais, artísticas, teatrais, biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto

deportivo, áreas recreativas, praias...). Polo tanto, a vila actúa como referente para as aldeas limítrofes; mentres que Soutomaior, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, caracterízase pola dispersión da poboación en pequenos núcleos rurais. O IES de Soutomaior é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procedente, na súa maior parte, do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra).

No curso 2023/24, o centro conta con 3 grupos de 2º da ESO. A súa distribución é como segue:

- 2ºA: 30 alumnas e alumnos con distintos niveis competenciais, motivación e interese variados e varios repetidores.
- 2ºB: 30 alumnas e alumnos con niveis competenciais moi diferentes (en xeral, non teñen hábito de estudo). O perfil xeral deste grupo presenta unha motivación e interese moi baixos.
- 2ºC: 30 alumnas e alumnos. En xeral, teñen un nivel competencial baixo, pois non interiorizaron hábitos de estudo. Son poucos os que manifestan interese pola materia.

Tanto as características e contorna do centro, como as peculiaridades do alumnado foron consideradas na creación dos principios metodolóxicos para este curso de 2ºESO. As instalacións do centro son útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, pois dispoñemos de ordenadores E-Dixgal que permiten, por exemplo, o uso de diferentes ferramentas dixitais. O equipamento das aulas con encerados dixitais contribúe á calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

O alumnado con NEAE e NEE será atendido con medidas ordinarias de reforzo educativo nas aulas e/ou medidas extraordinarias como a exención de francés. Serán aplicados os Protocolos de TDAH (resaltado de palabras clave, flexibilización dos tempos na resolución de actividades e exames...), TEA (incorporación do elemento visual en actividades e probas escritas, flexibilización dos tempos...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

Para os obxectivos descritos anteriormente formularanse criterios de avaliación que establezan o nivel de desempeño do alumnado. Estes criterios terán un enfoque competencial e atenderán tanto os procesos como os produtos; xa que logo, serán necesarias ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade de diagnóstico e de mellora. Deste xeito, contamos con que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en diferentes ámbitos e en situacións comunicativas reais. De aí a importancia de vertebrar esta programación arredor dun conxunto de situacións contextualizadas, significativas e relevantes que lle permita a cada alumna e alumno, de forma graduada, traballar todos os contidos curriculares recollidos para este nivel e que son unha continuación do perfil de saída do curso anterior.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Polo San Martiño trompos ao camiño.	Despois da avaliación inicial, volverá ser a fraseoloxía o fío condutor para o estudo da lingua galega. Así, realizarase un proxecto trimestral/anual que consistirá na elaboración dun glosario dixital multimodal de refráns relacionados coas distintas épocas do ano (outono). Isto relacionarase coa fraseoloxía portuguesa e tamén coa semellanzas e diferenzas entre a ortografía das dúas linguas. Por outra parte, trataranse narración e descrición (características e tipos) a partir de textos variados. Isto aplicarase á análise do libro de lectura (Mentira, da catalá Care Santos), que servirá para a reflexión interlingüística (catalán/galego). Isto redundará na aplicación coherente de conectores, no uso correcto de verbos regulares/irregulares e pronomes persoais, na interiorización das regras de acentuación (acento diacrítico) e no uso da puntuación (punto, coma...). A produción de textos descritivos servirá para coñecer seres míticos galegos comúns aos doutros territorios (Euskadi).	30	39	X		
2	Un día neboento pon a un morriñento.	A fraseoloxía como fío condutor do estudo da lingua galega, que se centrará agora no inverno. A partir de aquí, trataranse textos propios do ámbito académico, como as	30	33		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Un día neboento pon a un morriñento.	exposicións orais (características e estrutura). Estes coñecementos aplicaranos na investigación sobre distintos Entroidos galegos e o seu parentesco co carnaval doutros territorios do Estado Español e Portugal confeccionando presentacións en grupo que poderán ser gravadas para colgar no sitio web do centro. No que se refire á literatura, o recitado de coplas de Entroido levaranos ao estudo da poesía (valores denotativos e connotativos, recursos literarios; relación coa publicidade). Desde aquí chegarase á análise de textos difundidos a través das redes sociais e dos medios de comunicación (entrevistas e xéneros periodísticos de opinión). O debate (importancia da cortesía conversacional e das normas de etiqueta dixital).	30	33		X	
3	Se en marzo canta a ra, en maio xa calará.	A fraseoloxía como fío condutor do estudo da lingua (primavera). Isto permitirá estudar os principais trazos fonéticos e morfolóxicos dos bloques e áreas lingüísticas de Galicia (rexeitamento de prexuízos lingüísticos). A linguaxe de signos (galego). Afondarase nas propiedades textuais (adequación...), morfoloxía da palabra e nas funcións sintácticas. Os contidos literarios terán que ver coa lectura trimestral e con Luísa Villalta (Letras Galegas). Dramatizaranse textos relacionados coa autora en formato podcast, o que conducirá ao estudo dos distintos xéneros dramáticos. O cine, a relación cos xéneros literarios e con Internet. A redacción dos guiños plasmará a coherencia textual, a corrección ortográfica e morfosintáctica (repasso dalgunhas clases de palabras). Edición do glosario de fraseoloxía con explicacións sobre a súa elaboración (texto expositivo, instrutivo).	40	33			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Polo San Martiño trompos ao camiño.	39

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer as linguas da Península Ibérica e as características básicas do portugués.	PE	60
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica.	TI	40
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada..		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso da cortesía lingüística.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada..		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora cunha metalinguaxe específica e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpretar, coa axuda de pautas, as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira guiada cunha metalinguaxe específica e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. - Introducción á reflexión interlingüística. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Secuencias básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

Contidos

- Propiedades textuais: cohesión e adecuación.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Lectura expresiva de textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Un día neboento pon a un morriñento.	33

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándooos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués e do éuscaro.	PE	60
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	TI	40
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de interese social e educativo, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adoptar hábitos de uso crítico e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación en diferentes soportes sobre diversos temas a partir da información seleccionada.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpretar as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, en función de temas, tópicos e valores estéticos, mostrando a implicación do lector na lectura.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia cun punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios e facer propostas de mellora cunha metalinguaxe específica e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

Contidos

- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	Se en marzo canta a ra, en maio xa calará.	33

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos.	PE	60
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante textos escritos e multimodais de diferentes ámbitos realizando as inferencias necesarias.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar textos escritos atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais, avaliando a calidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	TI	40
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora cunha metalinguaxe específica e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. .		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Propiedades textuais: coherencia e adecuación.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Dramatización dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados

Contidos

- (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar as clases, segundo as indicacións do pedagogo galego Miguel Vázquez Freire, durante aproximadamente cinco minutos pescudaremos os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, co obxectivo de obter unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asinificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co docente. Dada a relevancia da premisa de "ensinar a aprender", o docente irá guiando o alumnado cara a unha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender".

Por outra banda, sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará actuacións individuais con outras cooperativas que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais.

Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner, existen diferentes estilos de aprendizaxe. Por conseguinte, na medida do posible, serán atendidos os diferentes ritmos para que o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos e o desempeño das competencias. As principais liñas de actuación serán:

- A promoción do trabalo cooperativo resaltando a importancia do compromiso individual no éxito do grupo.
- A realización de proxectos significativos coa resolución colaborativa de problemas (reforzo da autoestima, autonomía, reflexión e responsabilidade).
- A énfase na atención á diversidade do alumnado (individualizada, sempre que sexa posible) permitirá prever dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente: comprensión e expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital; e fomentar a creatividade, o espírito científico e o emprendemento.
- O desenvolvemento gradual e progresivo das dificultades dos procesos e das situacións comunicativas, que permitan o desempeño de habilidades cada vez máis complexas e que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinar e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgúns idiomas da península, especialmente do portugués, incidindo nos vínculos culturais, sociais e económicos co país veciño e co resto da comunidade lusófona. Deste xeito, mostrarase a utilidade da lingua galega e a súa proxección internacional.
- A presentación de recursos dixitais en galego que faciliten a busca de información, a revisión de textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual (manexo de tradutores, correctores ortográficos, dicionarios ou manuais de estilo que melloren as súas producións escritas).
- A énfase na oralidade e nas competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de

contextos (formais e informais). Neste sentido, a lectura expresiva, o recitado de poemas, as dramatizacións, as exposicións individuais e en grupo ou a elaboración de podcast na radio escolar serán actuacións motivadoras que propiciarán o desempeño competencial.

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelánización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego de estruturas morfosintácticas galegas.

- A erradicación de prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.

- A detección e eliminación de usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza o espírito crítico. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Para isto, serán propostas lecturas de distintas tipoloxías textuais atendendo a valores socioculturais que promovan a defensa dos dereitos humanos (inclúe a perspectiva de xénero) e a conciencia ambiental.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos variados e motivadores

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais do asesoramento do profesorado encargado, obras de lectura, xogos, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información ou realizar traballos de investigación e radio. Por outra parte, as aulas contan con tableiros, ordenador, proxector de vídeo e encerado dixital. Ademais, o centro participa no programa Edixgal, polo que o alumnado pode usar esta ferramenta e todas as súas aplicacións cando son requiridas no desenvolvemento das aulas. Para a elaboración de exposicións non só se usan aplicacións dixitais como Canva, senón tamén folios, rotuladores e cartolinas de cores. Ademais, son moi útiles en épocas de repaso recursos dixitais como Kahoot ou os xogos didácticos do departamento.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. Ademais de documentos de elaboración propia, son moi útiles os recursos que ofrece o Ministerio de Educación (<http://educalab.es/recursos/historico>) ou o Portal ARASAAC. Por outra parte, o centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado e o departamento de orientación tamén ofrece asesoramento e manuais adaptados. Se for preciso outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, sería solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Outros recursos dixitais e audiovisuais son:

-Repositorio Abalar de contidos de Lingua galega e literatura para 2ºESO.

-cotovia.org

-aprendendo galego

- <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>

- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>

-Dicionario Ir Indo: <https://digalego.xunta.gal/gl/digalego/html/index.php>

- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>

- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

-Dicionario de sinónimos do galego: <https://ilg.usc.gal/singal/>

- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html

- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg>

-RTVG á carta (Historias de Galicia, Galicia encantada na radio galega, Alalá, Doa doa, ZigZag diario, DigochoEu...).

-UVigo Televisión: <https://tv.uvigo.es/video/5b5b6faa8f42088d16232406>

-Portal de podcast en galego: podgalego

-<https://www.gciencia.com/perspectivas/os-46-refrans-galegos-para-falar-do-frio/>

-<https://vimeo.com/linguagalegatv>

-Fraseoloxía visual: <https://www.youtube.com/watch?v=4yNyxxro7BE>

-<http://refraneirogalego.com/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que poidamos coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico... constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido (táboa de indicadores).
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito (táboa de indicadores).
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto (táboa de indicadores).
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo propostos (táboa de indicadores).

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior (cuestionario).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha final. Tal e como recolle a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a sesión de avaliación final deberá realizarse a partir do 22 de xuño de 2024.

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse pola realización de proxectos e actividades comunicativas, coa seguinte distribución dos instrumentos de avaliación: un 40% a través de táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración etc), fronte a un 60 % a través de probas escritas ou orais. Para a aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un dos instrumentos de avaliación mencionados.

A nota de cada trimestre será a suma aritmética da cualificación da proba trimestral escrita (60%_6 puntos) máis a cualificación da proba oral ou escrita do libro de lectura (10%_1 punto/ táboas de indicadores) máis o traballo de aula (Expresión oral e Comprensión oral: 20%_2 puntos/ táboas de indicadores; Comprensión escrita e Expresión escrita: 10%_1 punto/ táboas de indicadores). O aprobado establécese, como mínimo, nun 5. As aproximacións faranse, por defecto, ao anterior número enteiro; e, por exceso, ao seguinte, sempre que a parte decimal sexa maior ou igual a 0,7 e cando sexa positiva a evolución do alumno ou da alumna.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha nota ponderada de 5 puntos ou superior (o peso das dúas primeiras avaliacións é dun 30% e o da 3ª é dun 40%). Alén diso, cómpre salientar que a corrección lingüística, tal

como recollen os criterios de avaliación da materia, será tida en conta na cualificación de cada proba. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas, tanto orais como escritas, deberán ser contestadas en lingua galega. De non ser así, isto sería motivo de que a alumna ou o alumno non supere a proba. No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén da final. A cualificación da avaliación final atenderá os criterios mencionados anteriormente podendo ser esta nota inferior, igual ou superior á do 3º parcial.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación poderá recuperala durante o curso ou ao final do 3º trimestre, tendo en conta a atención á diversidade. Nas recuperacións serán empregados os mesmos instrumentos de avaliación cos que se realizou previamente a avaliación. Só se recuperarán as partes que teñan cualificación negativa; a non ser que superando calquera desas partes se acadase a cualificación de 5:

-Proba escrita (60%)

-Proba oral/escrita do libro de lectura (10%) (Táboa de indicadores).

-EO, CO, EE, CE (30%) (Táboa de indicadores).

A nota de recuperación do trimestre ponderarase seguindo as indicacións mencionadas nos criterios de cualificación.

Na última quincena do mes de xuño propoñeranse, en xeral, actividades de reforzo e de ampliación para todo o alumnado; e, en concreto, actividades de recuperación para quen non acadase os mínimos exigibles nos distintos trimestres. Estes poderán ser recuperados realizando todos ou algúns dos seguintes apartados, tendo en conta a situación e as necesidades educativas do alumno ou da alumna:

-Realización dun boletín de actividades. (Avaliación mediante táboa de cotexo: 30%)

-Lectura dun libro elixido polo alumno/a, cuxo argumento, estrutura... será comentado por este oralmente ou por escrito. (Avaliado mediante escala de estimación: 10%).

-Exame escrito das avaliacións suspensas (60%). (Esta proba podería ser oral se así o requirise a atención á diversidade.)

A avaliación final será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumnado en cada avaliación (ou recuperación) despois da ponderación seguinte: 1ª e 2ª avaliación, 30%; 3ª avaliación, 40%).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No que se refire ao alumnado que teña pendente Lingua e literatura galega de 2º da ESO, seguirase a normativa vixente (Orde do 26 de maio de 2023 e Resolución de 6 de xuño coas instrucións do curso escolar). En calquera caso, terase en conta o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar. Deste xeito, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación é o marco de referencia para este apartado.

No que se refire ao alumnado de 3ºESO que teña pendente Lingua e literatura galega de 2º da ESO, seguirase a normativa vixente (Orde do 26 de maio de 2023 e Resolución de 6 de xuño coas instrucións do curso escolar). En calquera caso, terase en conta o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar.

Dado que a avaliación de Lingua galega e literatura é continua, o alumnado que aprobe o 1º trimestre de 3º ESO, recuperará a materia de 2ºESO. Cando isto non suceda, o alumnado terá que realizar cada trimestre unha proba escrita valorada sobre 10 puntos. A nota final será obtida a partir da media aritmética dos tres trimestres. O alumnado que obteña de media unha cualificación igual ou superior a 5 superará a materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado débese a diferentes razóns: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural... Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. Aplicarase tamén a medida extraordinaria de exención de francés (dúas horas semanais). Nalgunhas sesións, o profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio na aula e co-docencia; e noutras, será a PT quen colabore na atención á diversidade.

Con respecto ao alumnado con exención de galego, facilitaráselle material específico de traballo, sobre todo no 1º trimestre, para que se vaian inciando na lingua. No caso do alumnado procedente de Marrocos, con descoñecemento do castelán e do galego, recibirán apoio para a adquisición de linguas, ao que engadiremos materiais específicos a medida que vaian mellorando a comprensión nunha das linguas cooficiais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - ET.1 - Comunicación audiovisual, emprendemento social e empresarial, fomento do espírito crítico e científico, educación emocional e en valores, igualdade de xénero e creatividade, igualdade entre mulleres e homes, educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, formación estética, con ciencia e formación sobre o cambio climático, estereotipos e contidos sexista, violencia de xénero.	X		
ET.2 - ET.2 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable, respecto mutuo e cooperación entre iguais, aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Comunicación audiovisual. Emprendemento social e empresarial, fomento do espírito crítico. Con ciencia e formación sobre o cambio climático. Igualdade de xénero.		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - ET.3 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia, pluralidade e respecto polo Estado de dereito, estereotipos e contidos sexistas, discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, uso de linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente. Comunicación audiovisual. Formación sobre o cambio climático			X

Observacións:

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de Regueifas	Taller de creación e improvisación de regueifas.	X		
Xornada de xogos tradicionais	Taller do xogos tradicionais, especialmente torneo de trompos (ligado ao proxecto de fraseoloxía: Polo San Martiño, trompos ao camiño))	X		
Taller de Podcast	Taller de creación de podcast e funcionamento da radio do centro (relacionado coa autora homenaxeada no Día das Letras).).			X

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.

2. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Metodoloxía empregada
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado
4. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
9. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
11. Ofrécense explicacións individualizadas cando así son requiridas.
12. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Clima de traballo na aula
13. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos etc.
14. Analzáanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos etc.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
15. Mantívose contacto regular co resto do equipo docente para tratar aspectos relacionados co desempeño do alumnado nas distintas materias.
16. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas da evolución do proceso de ensino-aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
Outros
17. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos. -

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados